



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE CORTEGADA PARA O ACONDICIONAMENTO DA PRAZA CAMPO DA FEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o concello de Cortegada enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O concello de Cortegada solicita deste departamento axuda para executar as obras “**Acondicionamento da praza “Campo da Feira”**”, situada no núcleo de Cortegada.

Na actualidade, a cota da praza presenta dúas alturas, que se eleva sobre vía pública de acceso, e posúe unha bancada na súa parte leste. Isto fai que non sexa suficientemente funcional, con grandes limitacións de accesibilidade.

Logo da súa remodelación, a nova praza poderá albergar tanto distintas feiras e exposicións como espectáculos públicos, ademais de poder ser usada como recinto deportivo.

A proximidade ao centro de saúde do municipio e a súa nova configuración serviría como infraestrutura para acceso de urxencias sanitarias.

Descrición das actuacións a realizar:

- Demolición de muros e escaleiras existentes.
- Demolición de pavimento e soleira da praza.
- Levantado de pavimento asfáltico da vía de tráfico rodado.
- Explanación e recheo do terreo por medios mecánicos.
- Apertura de zanja para posterior construción de muros de contención, escavando a superficie con retroescavadora.
- Muros de contención mampostería de pedra granítica careada e colocada sen morteiro para unha mellor drenaxe do terreo.
- Colocación de peches e varandas.
- Drenaxe do terreo.
- Construción de soleira de formigón armado.
- Realización de pavimento continuo de cuarzo gris.
- Marcado e pintado de liñas de xogo de fútbol sala, balonmán e baloncesto.
- Instalación de alumeadado público.





Efectuarase a demolición da praza existente e escaleiras de acceso, rebaixándoa ao nivel da vía pública de acceso á mesma, e levantando o pavimento asfáltico que está en contacto coa praza no seu lado oeste.

A nova pavimentación consistirá nunha soleira de formigón armado de espesor suficiente para o posible paso de vehículos pesados, dado que a praza poderá acoller feiras e espectáculos que precisen do seu traslado por medio deses vehículos.

Conservaranse as gradas existentes, sendo necesario para iso a execución dun muro de contención ao longo das mesmas e que recorra toda a lonxitude da praza nese lado; tamén será necesario executar un muro de contención na parte sur da praza para conter a vía pública existente de gran pendente.

Dotarase á praza dos acabados necesarios para o seu uso como pista deportiva: pavimento, pintado pavimento, liñas..., así como de novas luminarias.

Para a realización das obras utilizaranse materiais de uso habitual neste tipo de actuacións, insistindo naqueles que mellor se integren co entorno.

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

O feito de que as dotacións que son obxecto do presente convenio, constitúen un equipamento necesario para o concello de Cortegada e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición do uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Cortegada dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para





a prestación do servizo público. Con iso conseguirase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ó considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este Departamento e o concello de Cortegada e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **cento sesenta e catro mil once euros con vinte e sete céntimos (164.011,27 €)**, coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Execucións de obra	142.910,89 €
H. de dirección de Obra	2.521,96 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	2.521,96 €
Honorarios de coor. de Seguridade e Saúde	1.260,97 €
<u>Subtotal</u>	<u>149.215,78 €</u>
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	14.291,09 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	252,20 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	252,20 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	<u>14.795,49 €</u>
Total	164.011,27 €

En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

